

## **SOLICITUDE DE REUNIÓN CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE**

**Á atención de: D<sup>a</sup> Ángeles Vázquez Mejuto**  
**Conseleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**

**Por parte da: Plataforma Stop Velutina**

Ante o avance da praga do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*) ano tras ano e a constatación de que a súa erradicación é practicamente imposible, a investigación é indispensable para mellorar os sistemas actuais de loita e atopar novas ferramentas máis eficaces e selectivas, que poidan controlar a expansión e reducir os efectos negativos que produce sobre a saúde pública, o medio ambiente e as actividades produtivas do sector primario.

Ó tratarse dun problema global, este asunto debería ser tratado de forma transversal implicando a todo o aparato administrativo, a nivel autonómico, estatal e europeo. No caso galego, en concreto, pensamos que debe pasar a través da Presidencia da Xunta de Galicia, pois é un problema que afecta toda a sociedade galega, pon en perigo a saúde pública, é unha ameaza para o medio ambiente e prexudica directamente o sector primario. Non obstante, pola súa especificidade en cada territorio e coas particularidades de cada sector afectado, dirixímonos nesta ocasión á Consellería de Medio Ambiente cunha proposta concreta.

A unión entre administración, colectivo científico e os sectores afectados pola *Vespa velutina* é indispensable para avanzar na loita contra este inimigo común. Temos que aproveitar esta fortaleza, como demostra a iniciativa que lle presentamos neste documento, a recente creación dun grupo de investigación sobre a *Vespa velutina* en Galicia, no que participan investigadores das tres universidades galegas e representantes do sector apícola, ou o estudo promovido pola Asociación Galega de Apicultura-AGA, integrante da Plataforma Stop Velutina, que foi desenvolto xunto coa Universidade de Vigo e que vai ser publicado proximamente na revista científica *Apidologie*, cuxa conclusión principal é a necesidade urxente de mellorar os atraentes e os deseños das trampas.

### **Proposta da Plataforma Stop Velutina e Grupo de Investigación sobre a *Vespa velutina***

A Plataforma Stop Velutina e un grupo de investigadores e investigadoras das diferentes universidades galegas reuníronse o pasado 19 de outubro no Museo de Historia Natural, en Santiago de Compostela, co obxectivo de buscar solucións de forma colectiva ante esta problemática. Unha das conclusións principais foi que, a pesar de que existen avances na investigación, faltan recursos e financiamento para continuar co traballo que chegue a plasmarse en métodos eficaces de control da praga. Aínda que existen outras convocatorias de investigación a diferentes niveis, autonómico, estatal ou europeo, consideramos que este é un problema específico dun territorio específico, e non se demostrou ata o momento que as demais convocatorias estean a dar resultados concretos para o noso problema. Acordouse, polo tanto, acudir á Administración galega, a través da Consellería de Medio Ambiente, e solicitar axudas para a investigación, cunha proposta elaborada dende unha visión científica e integrando a experiencia e necesidades dos sectores afectados. Debido á urxencia na procura de solucións sobre esta problemática, que provoca cada vez máis danos, a convocatoria teríase que preparar de forma urxente e incluíla nos orzamentos do 2019 para poder comezar o traballo no próximo ano.

## **Dende as entidades integrantes da Plataforma Stop Velutina solicitamos á Consellería de Medio Ambiente:**

- Unha liña de financiamento específica para a investigación na loita contra a *Vespa velutina*, que se deberá incluír nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2019.
- A creación de ferramentas que permitan maximizar a comunicación entre os diferentes axentes implicados e mellorar a xestión da información: "Rede de Investigadores/as", "Mesa Sectorial" e "Portal de Observacións e Suxestións".
- A implicación real e efectiva da Consellería de Medio Ambiente nesta problemática, asumindo as competencias que lle corresponden.
- Información sobre as accións que se propoñen dende esta Consellería para avanzar na loita contra esta praga.
- A integración do sector apícola e outros sectores afectados na "Comisión de Seguimento", e abrir canles de información sobre a súa actividade e reunión.
- A necesidade de realizar campañas de divulgación social, dirixidas á cidadanía en xeral e tamén a colectivos específicos, como o caso do sector apícola, pola súa afectación directa co problema, ou o educativo, pola importancia de sensibilizar a poboación e conseguir a súa colaboración.
- Establecer protocolos de actuación unificados, elaborados de forma consensuada entre administración, sectores e investigadores, dirixidos tanto á prevención como na retirada de niños.

## **Unha liña de financiamento para a investigación na loita contra a *Vespa velutina***

En relación co primeiro punto desta solicitude, detallamos a continuación as características que pensamos que debería ter esta convocatoria de financiamento dirixida á investigación:

1. Os proxectos presentados deberían escollerse en réxime de concorrencia competitiva, co fin de poder seleccionar aqueles que mellor se adapten ás condicións que se especifiquen na convocatoria, condicións que deberían elaborarse de forma consensuada entre os diferentes axentes e sectores implicados nesta problemática.
2. A duración xeral dos proxectos sería necesario que fora de tres anos, para desenvolver de maneira satisfactoria unha investigación destas características. Excepcionalmente, poderían presentarse proxectos de menor duración, para o que habería que argumentar a súa xustificación.
3. As liñas de investigación que consideramos prioritarias, dentro das cales se poderían incluír varias subliñas ou epígrafes, para realizar a longo ou a curto prazo, serían as seguintes:
  - Coñecemento básico da bioloxía e adaptación ó territorio da *Vespa velutina*.
  - Avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico.
  - Desenvolvemento e avaliación de métodos de control, que inclúan ferramentas de aplicación práctica en apicultura.

4. Os proxectos poderían ser presentados de forma coordinada entre varios equipos de investigación das distintas universidades ou a título individual.

5. A elaboración da convocatoria debería ser realizada en colaboración cos sectores afectados, tendo en conta as súas experiencias e necesidades, valorando o traballo de campo e incluír este como un gasto por financiar dentro dos proxectos.

### **Creación doutras ferramentas de comunicación e traballo en equipo**

Paralelamente ó desenvolvemento da investigación, sería necesaria a creación das seguintes ferramentas:

1. Rede de Investigadores/as. Para mellorar a comunicación entre as persoas dedicadas á investigación sobre este asunto e mellorar así o intercambio de información.

2. Mesa Sectorial. Na que participen a administración, os sectores afectados, o colectivo académico, os grupos ecoloxistas, os sindicatos, etc., que tería como obxectivo a unión de todos estes colectivos para a busca de solucións de forma conxunta e coordinada.

3. Portal de Observacións e Suxestións. A través do cal apicultores, apicultoras e outros colectivos poidan trasladar toda a información que recollen sobre o comportamento do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*) e sobre os métodos de control que experimentan, coa finalidade de que se poida aproveitar este coñecemento na investigación.

### **Reunión coa Plataforma Stop Velutina e Universidades**

Con motivo de tratar esta proposta, solicitamos unha reunión urxente coa Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, na que asistan por parte da Plataforma Stop Velutina un representante de cada sector (apícola, sindical, ecoloxistas, concellos e outras organizacións) e por parte do sector académico un representante de cada universidade.

O Presidente da Asociación Galega de Apicultura, en representación da Plataforma Stop Velutina e do Grupo de Investigación *Vespa velutina*, asina esta solicitude en Santiago de Compostela, o 31 de outubro de 2018.

Asdo.: Xosé Torres Romar

Presidente da Asociación Galega de Apicultura

#### **Máis información e contacto:**

Plataforma Stop Velutina

Tel. 981 589 534 / 630 069 635

Email: stopvelutinagalicia@gmail.com

